


## RESOLUCIÓN REITORAL DE 8 DE FEBREIRO DE 2017, POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE ANOS SABÁTICOS PARA O CURSO 2017/2018

O Consello de Goberno de 7 de febreiro de 2017, acorda aprobar a convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2017/18, de acordo ao establecido no artigo 88.3 dos Estatutos da Universidade de Vigo e no artigo 27 do Regulamento de Profesorado, polo que,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Facer pública a convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2017/18 de acordo coas seguintes

### BASES



#### 1. Obxectivo:

- O artigo 88.3 dos Estatutos establece que “para facilitar o acceso ao ano sabático do profesorado con dedicación a tempo completo, o orzamento anual da universidade fará previsión dos fondos que permitan financiar o goce deste dereito”, co fin de poder contratar, cando sexa necesario, profesorado asociado na área correspondente. Para o ano 2017 esta previsión aparece no artigo 16.4 das normas de desenvolvemento do orzamento.
- De acordo co establecido no artigo 27 do Regulamento de Profesorado, a Universidade de Vigo pon en marcha a convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2017/2018.

#### 2. Solicitantes:

As persoas que soliciten un ano sabático deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Pertencer aos corpos docentes universitarios ou ter un contrato con vinculación permanente (PCD).
- b) Ter unha antigüidade non inferior a sete anos continuados na Universidade de Vigo, como persoal funcionario dos corpos docentes universitarios ou como PCD, con adicación a tempo completo. Os anos computaranse na data de comezo do goce do ano sabático.
- c) Non ter gozado dun ano sabático posteriormente ao curso 2010/11.

O desfrute do ano sabático non será compatible co exercicio de cargos académicos nin coa participación docente en graos e másteres.

#### 3. Formalización das solicitudes:

As solicitudes dirixiranse á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado e irán acompañadas da seguinte documentación:

- a) Curriculum Vitae
- b) Descrición das actividades a realizar durante o período sabático, na que se xustifique a conveniencia da suspensión da actividade docente ordinaria así como o compromiso de presentación dun informe da actividade realizada. Este informe será avaliado na vicerreitoría, que poderá solicitar informe aos departamentos correspondentes.

#### 4. Avaliación das solicitudes:

Para a concesión do ano sabático se terán en conta, fundamentalmente os períodos de actividade docente e investigadora avaliados positivamente, así como os períodos de xestión desempeñando cargos unipersoais. Os criterios de puntuación son os establecidos no Anexo I desta convocatoria.

A COAP, unha vez analizadas as solicitudes presentadas, decidirá sobre a súa concesión, priorizando a concesión ao profesorado que non tivese gozado dun ano sabático nos últimos 14 anos. Os anos computaranse na data de comezo do goce do ano sabático.

Como regra xeral, non poderá concederse máis dunha licenza por área de coñecemento.

#### 5. Prazo e lugar de presentación:

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral ou auxiliares da Universidade de Vigo.

O prazo de presentación de solicitudes **finaliza o día 1 de marzo de 2017.**

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 8 de febreiro de 2017

O reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

## ANEXO I

### **CRITERIOS A UTILIZAR NA CONCESIÓN DE ANOS SABÁTICOS PARA O CURSO 2017/18.**

Os criterios para puntuar as solicitudes dun ano sabático para o curso 2017/18 serían os seguintes:

- a) 2 puntos por cada sexenio contabilizado a 31/12/2016; 1 punto adicional (sumado ao acadado neste apartado) se o último ano do último período avaliado positivamente é 2010 ou posterior.
- b) 0,5 puntos por cada quinquenio contabilizado a 31/12/2016.
- c) Cargos de xestión unipersoais: só serán valorados os cargos desempeñados na Universidade de Vigo a partir do ano 2007 (inclusive) e puntuaranse seguindo o mesmo procedemento que o establecido pola ACSUG para a concesión do complemento de recoñecemento por cargos de xestión (DOG do 02/12/2016).

En caso de empate, terase en conta o feito de non ter desfrutado anteriormente dun ano sabático e a antigüidade na Universidade de Vigo como PDI con vinculación permanente e a tempo completo.